



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

COMUNICADO DA REUNIÓN COA SXT DA CMATV

Con data de 29 de setembro do 2020 a Directiva de Aprafoga ven de manter una xuntanza coa Secretaría Xeral Técnica na que se abordaron os seguintes temas:

PECHAR UN CALENDARIO DE REUNIÓN

Non se pechou ningún calendario ante a súa desconformidade, xa que expuxeron que sempre que se lle solicitou unha xuntanza, nunca houbo unha resposta negativa e que así ía seguir sendo.

DEFICIENCIA DE PERSOAL NA SECCIÓN XURÍDICA DE PONTEVEDRA

Manifestaron que son coñecedores desta situación – non eran coñecedoras do escrito que facía referencia a este tema enviado á DX semanas atrás - e recoñecen a problemática.

Segundo eles ven provocada pola saturación de denuncias que existe no Parque Nacional e que colapsa o servizo xurídico. A nosa postura foi facerlle ver que o sobresemento das denuncias pode provocar e provocará unha sensación de impiedade por parte de quen se quere saltar a lei. Déronnos a entender que están dando pasos para intentar solucionalo.

SEVIZOS NOCTURNOS E SERVIZOS EXTRAORDINARIOS CUNHA BOLSA DE HORAS EXTRAS A RAZÓN DOS MESES EXTRAORDINARIOS QUE NON SE FAN

Entenderon as nosas demandas da necesidade de servizos nocturnos en certos distritos polas peculiaridade de certos traballos.

Manifestaron que as noites, de ser presenciais, deberían selo a nivel colectivo de Axentes e non só para CMATV. Están dispostos a estudar coa DX esas peculiaridades a ver que pode facer.

Mostráronse interesadas pola bolsa de horas, sempre debidamente xustificadas, para desenrolar certo tipo de actividades (furtivismo – expúxose o caso dos compañeiros do D-XIX e a *pillada in fraganti* dun incendiario- caza ou pesca nocturna, media veda, etc.); polo que nos solicitaron que lle enviemos un escrito explicando e desenrolando como sería e como se levaría a cabo –segundo nós- esa bolsa de horas para certas actividades. Quedamos en preparalo o antes posible en enviarllo vía *email*.



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

PRAZAS VACANTES

Instáronnos a que solicitemos unha xuntanza con Facenda para que nos expoñan eles os motivos de non cubrir prazas. Quixeron deixar ben claro, que dende a Consellería insisten en solicitálas, pero que ten que pasar polo visto bo de Función Pública e de Facenda (cosa que non acontece coas prazas de Medio Rural), e aí –dixeron- é onde radica o problema. Segundo a SXT, a súa intención é tentar cubrir sempre as prazas vacantes.

Pola nosa parte, queda pendente solicitar unha xuntanza con Facenda, aínda que xa advirten, que con esta actualidade, a cousa vai ser difícil de cumprir.

UNIDADE CANINA CONTRA O VELENO

Mostráronse bastante interesadas por este tema, pareceulle moi innovador e atractivo (fixeron algunhas preguntas sobre o tema). Descoñecían que houbera un compañeiro cun can adestrado para tal fin. Preguntaron se a DX era coñecedora desta proposta –o cal si o é- e que ían falalo coa Directora Xeral xa que lle parecía unha idea pioneira e moi vendible.

GRUPO B

Solicitáronnos datos sobre as porcentaxes de axentes coa titulación – interésanlle moito - e que nos próximos anos acadarán dita titulación. Tamén queren saber sobre as nosas intencións e ganas de chegar a conseguir dito obxectivos (nos manifestámoslle que as notas acadadas eran satisfactorias). Expuxo claramente que para ir a función pública a pedir diñeiro para continuar coa formación do grupo B precisaban ir con datos (os que eles manexan non son moi alentadores) e saber que o colectivo está con ganas de acadar obxectivos e que imos responder á hora de intentar conseguir a titulación do ciclo superior. O número de matriculacións, en comparación coa xente que pode matricularse, din que é bastante baixa. (para este segundo curso e con respecto ás matriculacións en modo presencial)

Quedamos en mandarlle os nosos datos en canto os teñamos listos.

Compre recompilar canto antes ditos datos.

A DIRECTIVA.